

Introducción e primeiro contacto

Contido

Introdución.....	2
Pero entón... IMOS DUPLICAR TRABALLO?.....	2
Por que un curso de moodle para a área científico-tecnolóxica?	3
Entrar na aula virtual.....	3
Perfís de usuario	5
Administrador.....	5
Creador de cursos	5
Profesor.....	6
Estudiante.....	7
Convidado	7

Introdución

Moodle é un paquete de software para crear una [contorna de aprendizaxe dinámico](#) baseado en Internet. Distribúese gratuitamente como Software libre ([Open Source](#)) (baixo a [Licenza Pública GNU](#)). Pode funcionar en calquera ordenador no que poda correr [PHP](#), e soporta varios tipos de bases de datos (en especial [MySQL](#)).

A palabra Moodle foi nun principio un acrónimo de Modular Object-Oriented Dynamic Learning Environment (Contorna de Aprendizaxe Dinámico Orientado a Obxectos e Modular), o que resulta fundamentalmente útil para programadores e teóricos da educación. **Tamén é un verbo que describe o proceso de deambular con preguiza a través de algo, e facer as cosas cando se che ocorre facelas, unha verdadeira chapuza que moi a miúdo te leva á visión e á creatividade.** Isto xa nos dá unha idea da filosofía de Moodle pero se quere saber máis prema no enlace.

<http://docs.moodle.org/19/es/Filosofía>

Moodle reproduce os procedementos que utilizamos habitualmente pero nunha contorna web dinámica:

- Utilizamos un caderno para xestionar os datos persoais, familiares e académicos. Os menos utilizarán unha base de datos ou un programa como por exemplo *CARQUEIXA. ISTO FAISE NA AULA VIRTUAL.*
- Utilizamos unha serie de recursos bibliográficos, multimedia, TIC, etc. *ISTO FAISE NA AULA VIRTUAL.*
- Realizamos exercicios, exames, etc. e os cualificamos. *ISTO FAISE NA AULA VIRTUAL.*
- Interactuamos co alumnado de moitas formas. *ISTO FAISE NA AULA VIRTUAL.*

Preme no enlace para coñecer as características principais de Moodle.

<http://docs.moodle.org/19/es/Características>

Pero entón... IMOS DUPLICAR TRABALLO?

A resposta é NON, máis ben todo o contrario:

- Vainos permitir unha xestión eficiente e cómoda dos datos persoais, familiares (se queremos, que para iso xa está xadeweb) e sobre todo académicos.
- Teremos un acceso inmediato (sen os problemas de "esquecínme do caderno", "deixei o USB na casa") dende calquera lugar mediante un dispositivo (pc, tablet, smartphone) con conexión a internet.
- A estrutura do curso e os recursos empregados son válidos ano tras ano. Ao principio dá moito traballo pero logo...
- Ao alumnado proporcióname unha grande liberdade e tranquilidade (ás veces demasiada) xa que sabe que todo o que necesita está aí no momento que queira.

<http://www.youtube.com/watch?v=fA-R1-PF1w4>

Por que un curso de moodle para a área científico-tecnolóxica?

A enorme cantidade de recursos que a internet pon á nosa disposición nesta área é impresionante; isto ten moitas vantaxes (permítenos escoller o máis axeitado aos nosos criterios, por exemplo), pero orixina varios problemas como pode ser a súa administración ou a súa compatibilidade co hardware e software do que dispoñemos. Estes problemas poden solucionarse utilizando moodle que pode adaptarse a diversos [estándares](#) como SCORM, IMS, etc.

Entrar na aula virtual.

O primeiro que debemos facer é localizar a aula virtual na páxina web do noso centro e premer no enlace; aparecerá unha páxina inicial semellante a esta...



The screenshot shows a web browser window with the URL <http://www.edu.xunta.es/centros/cfrpontevedra/aulavirtual/>. The page title is "Aula Virtual" and the user is not logged in ("Non está identificado. (Acceso)"). The language is set to "Galego (gl)".

Categorías de curso

1º TRIMESTRE 2011-2012	5
FP 2011-12	8
3º TRIMESTRE 2010-11	1
Docencia	1

Buscar en cursos:

Calendario

Setembro 2011

D	L	Ma	Me	X	V	S
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Non está identificado. (Acceso)



Para entrar deberemos premer no enlace situado na parte superior dereita co nome "Acceso", aparecendo...



The screenshot shows the login page "Volver a este sitio web?". The user is not logged in ("Non está identificado. (Acceso)"). The language is set to "Galego (gl)".

Volver a este sitio web?

Para acceder precisa dun nome de usuario e dun contrasinal (Debe activar os cookies do seu explorador) ?

Nome de usuario


Contrasinal

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

Esqueceu o seu nome de usuario ou contrasinal?

Non está identificado. (Acceso)

Deberemos introducir o nome de usuario e contrasinal que o administrador do curso nos facilitou e...
voilá!



1. **Bloque de persoas:** premendo sobre **Participantes** poderemos ver a lista de usuarios que están participando neste curso, calquera que sexa o seu papel no mesmo (profesores, alumnos...). Unha vez neste apartado deste participantes poderemos realizar filtros para afinar na busca dalgunha persoa en concreto.
2. **Actividades:** neste bloque irán aparecendo enlaces aos diferentes tipos de actividades que realicemos no curso. Inicialmente so aparece un enlace a **Foros**, xa que cada vez que creamos un novo curso automaticamente se creará un **Foro de novas** (ver bloque 5).
3. **Busca nos foros.** Bloque cun buscador de mensaxes nos diferentes foros.
4. **Administración.** Este bloque é fundamental xa que é onde se presentan as diferentes ferramentas que nos permitirán administrar o curso na súa totalidade.
5. **Bloque central.** Nesta sección central (principal) será onde se presenten os diferentes recursos e actividades que creemos no curso. Inicialmente en calquera curso creado aparecerá unha actividade automaticamente consistente nun Foro de novas. Temos que pensar que o Moodle é unha ferramenta cun perfil construtivista e por iso se considera fundamental o uso dos foros para a comunicación entre profesorado-alumnado, alumnado-profesorado, alumnado-alumnado.

No exemplo que aparece na imaxe pódese observar como o curso creado está subdividido en 10 apartados correspondentes a 10 semanas (configuración por defecto), xa que no momento de crealo no módulo anterior non variamos esta configuración. Enseguida veremos en qué consiste e como modificalo para adaptalo as nosas preferencias e necesidades.

6. **Últimas noticias:** aquí irán aparecendo as últimas noticias publicadas no curso.
7. **Próximos eventos:** amosaranse os eventos que estean próximos segundo os teñamos establecidos na súa temporalización (por exemplo, unha entrega dunha tarefa).
8. **Actividade recente:** aparecen as últimas modificacións ou aportacións realizadas no curso, o máis novidoso.

Perfís de usuario

Moodle é un EVA que adapta a súa interface e privilexios de acceso en función dos diferentes roles ou perfís de usuario. Os usuarios poden ser:

- Administrador
- Creador de Cursos
- Profesor
- Profesor non editor
- Estudante
- Convidado

Administrador

O administrador dun Entorno Virtual de Aprendizaxe é o encargado da xestión administrativa dos cursos e da configuración e mantemento da contorna, en este caso Moodle. As funcións principais do administrador en Moodle son:

- Configuración e mantemento de Moodle (contorna, administración dos módulos, novas versións, etc.).
- Xestión dos usuarios:
 - Dar de alta aos usuarios
 - Autenticación dos usuarios
 - Asignación dos perfís a cada un dos usuarios (profesor, estudante).
- Xestión dos cursos:
 - Creación de novos cursos
 - Mantemento dos mesmos.

Creador de cursos

Permite crear, modificar e administrar cursos organizándoos por categorías e subcategorías.

Profesor

O profesorado é o responsable de impartir os cursos. En moodle podemos distinguir dous tipos de profesores:

O **profesor con permiso de edición**, que se ocupa do deseño do curso, ademais do seguimento do alumnado. O seu papel é fundamental dado que nestes EVAs debe coidarse especialmente a calidade do deseño competencial dos materiais e actividades propostas, a adecuación e relevancia dos contidos e a idoneidade das actividades ou tarefas.

As súas funcións principais en Moodle son:

- No deseño do curso:
 - É o encargado de configurar o formato do curso. (temporal, por temas, SCORM, etc.)
 - Diseñar os materiais, os recursos e as actividades que se terán que realizar durante o curso.
 - Decidir as datas de entrega das actividades por parte do alumnado.
 - Establecer o sistema de avaliación
- No seguimento e tutoría:
 - Asignación dos profesores non editores.
 - Coordinar a labor dos profesores non editores, así como prestarlles apoio durante o curso.
 - Formación de grupos de alumnos e asignación do titor.
 - Altas e baixas do alumnado no curso.
 - Seguimento e tutoría dos alumnos do curso.

O **profesor non editor**, que desenvolvería exclusivamente o apartado de seguimento e tutoría do alumnado. É coma un profesor que reforza ao profesor ou profesores anteriores na súa labor de seguimento do curso.

Entre as súas funcións pódense sinalar as seguintes:

- Coñecer ao alumnado, tanto nos seus aspectos persoais como naqueles relacionados tanto cos conceptos do curso como a súa familiaridade cos medios tecnolóxicos.
- Motivar ao alumnado para que participen activamente no curso.
- Tomar a iniciativa para con aquel alumnado que non mantén un contacto frecuente.
- Responder ao alumnado en todas aquelas dúbidas que lles xurdan durante o curso, de forma rápida e eficaz.
- Seguimento do alumnado nas distintas actividades que realicen, así como prestarlles materiais de apoio se é necesario.
- Corrixir e devolver ao alumnado os exercicios propostos.

No noso caso, ao ser a aula virtual un complemento ás clases presenciais e ao non ter ninguén encargado do mantemento de moodle, deberemos ser administradores e profesores levando a cabo moitas das tarefas (as de seguimento e tutoría) nas clases presenciais. Sen embargo, non se debe

acceder á plataforma sempre como administrador cando o que imos facer (unha labor de profesor) non o require (reducimos o risco de facer algo non desexado).

Estudiante

O alumnado constitúe o usuario ao cal vai dirixidos os cursos. Para poder realizar un curso online é necesario que o estudante sexa autónomo nas súas aprendizaxes, responsable e organizado, así como moi motivado.

Como no noso caso é un complemento ás clases presenciais, deberemos facer un seguimento do alumnado menos motivado e con dificultades tanto na aprendizaxe dos contidos da materia como nas ferramentas informáticas.

O estudante ten permisos moi limitados pero pode participar nas actividades, no foro de debates, titorías, etc., así como colaborar en todas as actividades grupais e envío das actividades a realizar dentro das datas establecidas.

Convidado

Pode acceder ao curso se así se establece na creación do mesmo e consultar todos os contidos pero non poden facer os cuestionarios (non terán cualificacións), enviar mensaxes, nin xerar entradas nos foros, etc., é dicir, teñen acceso só "de lectura".

[Ampliar coñecementos](#)